

APROBACIÓN DAS BASES DE CONCILIACIÓN AVIAVERÁN

1. Obxecto:

O Concello de Ribadavia como un xeito de facilitar a conciliación da vida familiar e laboral dos veciños e veciñas de Ribadavia durante o verán organiza a “Conciliación de verán”

Este programa tamén ten como obxectivo o goce no tempo estival, dos nenos e das nenas, tanto dende un punto de vista pedagóxico, como no de poder vivir unha experiencia que axude a potenciar o seu desenvolvemento persoal e autonomía.

2. Persoas destinatarias:

Nenos e nenas de 3 anos (nados con anterioridade ó 31.12. 2019) a 14 anos.

3. Período:

O período da actividade comprende do 22 de xuño ao 1 de setembro de 2023. Os días serán de luns a venres (sen festivos) e con horario de 9:00-14:00 horas.

Poderán solicitarse por período mensual ou quincenal, quedando reflexado no modelo de solicitude. Poderá facerse de forma telemática na sede electrónica do Concello: ribadavia.sedelectronica.gal

4. Prazas:

O número de prazas serán de:

- Durante o mes de xuño (22-30 xuño): 40
- Durante o mes de xullo (3-31 xullo): 95
- Durante o mes de agosto (01 agosto-01 setembro): 70

Os nenos ou nenas con discapacidade recoñecida igual ou superior ó 33% ocuparán 2 prazas.

5. Lugar e prazo de presentación:

As solicitudes presentaranse no Dpto. de Servizos Sociais do Concello de Ribadavia.

A solicitude entenderase presentada no cando estea entregada toda a documentación, incluído o xustificante bancario do pago do servizo de conciliación.

O prazo de solicitude será do 09 ao 19 de xuño.

En caso de prazas dispoñibles, poderán establecerse prazos extraordinarios, cos mesmos criterios de prioridade que no prazo ordinario.

6. Criterios:

As solicitudes serán valoradas en base ós seguintes criterios de prioridade que se cumbran na data de presentación de solicitude:

1º Situación laboral familiar: que traballen ambos proxenitores.

2º Situación laboral familiar: se só traballa un/unha dos proxenitores, que o outro/a preste unha atención a persoas dependentes, persoas con discapacidade ou menores de ata 3 anos (*poñer ano nacemento*)

3º Pola condición de discapacidade do neno ou nena.

4º Pola condición de familia monoparental.

5º Pola condición de familias numerosa, que teñan cando menos un proxenitor/a traballando.

6º Unidades familiares que non cumbran os anteriores criterios (do 1º ao 5º)

7º Unidades familiares empadroadas noutros concellos.

No caso de que dúas ou máis unidades familiares teñan igualdade de criterios, terá prioridade a data de solicitude no rexistro.

Se fora o caso, unha vez esgotadas as prazas existentes crearase unha listaxe de agarda na que se inscribirá ós nenos e nenas. Utilizaranse os mesmos criterios de prioridade do 1º ata o 7º para a súa inscrición.

7. Prezo:

	Empadroadas/os	Non empadroadas/os
Xuño (22 ó 30)	8€	12€
Quincena	15€	30€
Mes	25€	60€
Campamento completo (22 de xuño a 1 de setembro)	55€	125€
Familias numerosas Familias monoparentais Neno/a con discapacidade Por segundo ou máis irmáns (desconto do 25%)	19€/mes 11€/quincena 44€ Campamento completo	

8. Documentación para a tramitación da solicitude:

Para todos/as os/as solicitantes:

- SOLICITUDE e autorizacións necesarias.

- XUSTIFICANTE BANCARIO DE PAGO:

Número de Conta do Concello de Ribadavia para efectuar o ingreso:

ES10 2080 5173 4131 1000 3104 Concepto: "Conciliación verán 2023" e o nome do neno/a

Para os solicitantes que **non** participaron en accións de conciliación no ano 2022:

- DNI nai/pai/titor.

- TARXETA SEGURIDADE SOCIAL (neno/a).

- LIBRO DE FAMILIA.

- Se fora o caso que se reflexen alerxias ou outros a través de INFORME MÉDICO DO NENO/A.

- Se fora o caso CERTIFICADO DE DISCAPACIDADE DO NENO/A.

- No caso de separación/divorcio indicar a garda e custodia (entregarase documentación acreditativa da situación).

- Calquera documentación que xustifique a situación dos criterios de prioridade do punto 6, que sexa requirida polo Dpto. de Servizos Sociais do Concello de Ribadavia.

Ribadavia, 07.06.2023, e para que conste aos efectos oportunos expido a presente en Ribadavia de orde e co visto e praxe da Sra Alcaldesa- presidenta.

Vº praxe

ALCALDESA